


# MEMORIA

# Proxecto Documental

# Integrado:

# A ALIMENTACIÓN



# CEIP Mestres Goldar

## CURSO: 13/14

## a) INTRODUCIÓN

Un curso máis, acordouse realizar un **Proxecto Documental Integrado** para todo o centro, dada a moi positiva experiencia dos cursos pasados, sendo a **Alimentación** o tema central coa pretensión de crear no noso alumnado unha motivación adicional por aprender e desenvolver as habilidades para buscar e xestionar a información e recursos que lle permitan acadar uns coñecementos concretos e encadrados no currículo ordinario, coa particularidade de que se poderán compartir estas aprendizaxes con toda a comunidade educativa.

## XUSTIFICACIÓN:

O ano 2014 foi declarado pola Asemblea Xeral da ONU *Ano Internacional da Agricultura Familiar* como consecuencia da iniciativa promovida polo Foro Rural Mundial e apoiado por máis de 360 organizacións civís e campesiñas de todos os continentes. A súa celebración a nivel mundial pretende converterse nunha ferramenta para a promoción de políticas activas a favor do desenvolvemento sostible dos sistemas agrarios baseados na unidade familiar campesiña, comunal, indíxena, cooperativa e pesqueira.

Por outra parte, por moi eficientes que sexan os servizos de saúde que unha sociedade poida ofrecerlle á súa cidadanía, a prevención da enfermidade e a preservación da saúde dependerán sempre, nunha grande medida da adopción de estilos de vida saudables por parte das persoas. Estilos de vida que son, sobre todo, o resultado do combate a comportamentos de risco e da adquisición de coñecementos e competencias para a adopción de hábitos e rutinas saudables.

Unha parte moi importante da adquisición de tales coñecementos e hábitos ten un lugar e un dominio privilexiados de expresión: o lugar é a escola e o dominio, a alimentación.

Desde o punto de vista curricular, constátase que en todos os currículos do sistema educativo dos diferentes países, hai un interese grande nas cuestións nutricionais e alimentarias, non só do punto de vista biolóxico e a súa relación coa saúde senón tamén do punto de vista cultural e social.

A alimentación da poboación mundial en xeral, e da poboación xove en particular, venen sendo obxecto de preocupación para distintas institucións e organismos de diferentes ámbitos xeográficos (FAO, a OMS, o Consello de Europa...). Así como hai importantes segmentos de poboación que sufren carencias importantes a este nivel, tamén a obesidade é a segunda causa de mortalidade, dentro daquelas sobre as que se pode actuar preventivamente (a primeira é o tabaquismo).

Por outra banda, a relación entre agricultura e alimentación é evidente, e nese contexto xorde o noso Proxecto Documental dedicado á alimentación.

## **OBXECTIVOS XERAIS**

- Crear espazos e actividades motivadoras, no contexto da escola, que inciten a saber máis.
- Desenvolver actividades coordinadas por ciclos sobre diferentes aspectos da alimentación.
- Experimentar e investigar partindo dos recursos bibliográficos e audiovisuais cos que contamos na escola.
- Poñer en práctica actividades teatrais, musicais, literarias, audiovisuais ou lúdicas relacionadas co tema da alimentación.
- Valorar os bons hábitos de alimentación como camiño cara á saúde.
- Fomentar a valoración dos recursos naturais, o consumo responsable dos mesmos e o respecto polo medio ambiente.
- Descubrir e respectar diferentes costumes alimentarios de acordo coa variedade cultural.
- Utilizar as TIC e a lectura como fonte de consulta e como recurso para o logro das aprendizaxes.
- Fomentar a participación e colaboración entre os compañeiros e compañeiras de investigación.
- Adoptar hábitos de traballo en grupo, favorecendo a comunicación entre iguais.
- Favorecer actividades de expresión oral.



## **COMPETENCIAS BÁSICAS:**

A través deste proxecto traballáronse as oito competencias básicas:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

Achegando un vocabulario específico relacionado coa alimentación, procurando tarefas de comprensión a través do descubrimento e de expresión á hora de expoñer o aprendido diante doutras persoas.

- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:**

Proporcionando coñecementos sobre a alimentación nos diferentes grupos de idade, contextos, localizacións xeográficas e situacións medioambientais. Así mesmo, tomar conciencia da gran importancia da alimentación para a nosa saúde.

- **Tratamento da información e competencia dixital:**

Xa que se promoveu a investigación do alumno/a por medio dos diversos recursos informáticos. Tamén nos permitiu a preparación e realización de actividades LIM.

- **Competencia social e ciudadá:**

Xa que foi un medio eficaz para facilitar a integración e fomentar o respecto, contribuíndo ao desenvolvemento da cooperación, a igualdade e o traballo en equipo.

- **Competencia cultural e artística:**

Recoñecendo a importancia que ten a alimentación para a humanidade, a variedade da mesma de acordo coas diferentes culturas, e a súa influencia na cultura propia de Galicia.

Expresando os coñecementos adquiridos a través de debuxos, paneis, teatro ou cantigas.

- **Competencia de aprender a aprender:**

Ofrecendo recursos para a planificación da súa propia actividade , así como a posibilidade de utilizar os medios informáticos na procura de información. O eixe dos proxectos documentais é fomentar o interese por saber máis, aprender a acceder aos coñecementos, a como organizalos e xestionalos, é dicir, aprender a aprender.

- **Competencia de autonomía e iniciativa persoal:**

Na medida en que o alumno/a se enfrenta a situacóns nas que é o protagonista da súa propia aprendizaxe e a actividades globais onde as súas decisións repercuten no logro dos obxectivos do seu propio equipo.

- **Competencia emocional:**

En tanto que as diferentes actividades permiten fomentar a valoración do benestar persoal a través dunha boa saúde.

## **REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES:**

O proxecto documental que propuxemos integra os seguintes obxectivos e contidos curriculares, contemplados en toda a E. Infantil e a E. Primaria:

- **CORPO HUMANO E SAÚDE**

A necesidade dos seres vivos de alimentarse.

Os alimentos como fonte de enerxía. Dieta equilibrada.

Os hábitos de hixiene e corrección en relación coas comidas.

Aspectos básicos da función de nutrición.

- **O CONTORNO E A SÚA CONSERVACIÓN**

A saúde e o desenvolvemento persoal.

Persoas, culturas e organización social.

Manifestacóns culturais presentes no ámbito escolar, local e autonómico, valorando a súa diversidade e riqueza.

- **E. ARTÍSTICA**

Códigos e formas básicas das distintas linguaxes artísticas.

Materiais e técnicas de expresión gráfica e plástica.

A voz e o corpo como medio de representación musical.

Diferentes manifestacóns e estilos artísticos.

- **EDUCACION FÍSICA**

Deporte e exercicio físico como hábito saudable.

Manifestar actitude de respecto e cuidado cara ao seu propio corpo e o dos demás.

Actividade física e lecer.

- **MATEMÁTICAS**

Resolución de problemas relacionados co sistema monetario.

As medidas de masa convencionais (quilogramo, medio kg, etc).

Medidas de capacidade convencionais (litro, múltiplos e submúltiplos) e non convencionais (vasos, botellas).

Problemas en que interveñan medicións de magnitudes.

## • LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

A literatura de tradición oral: adiviñas, trabalinguas, coplas, refráns.

A linguaxe escrita como fonte de pracer e diversión.

Recoñecer e interpretar diversos tipos de textos escritos. A estrutura dos distintos tipos de textos: a receita.

Utilización das regras que rexen a comunicación oral (respectar a quenda de palabra, centrarse no tema...)

Recitación e representación oral de textos literarios e non literarios.

Recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos, para interpretar e producir mensaxes con diferentes intencións comunicativas.

A lingua escrita como medio de información e transmisión de información e cultura.

Uso das normas ortográficas.

Produción de textos escritos: receitas, contos, poesía, así como resumos, fichas, etc. para recoller, organizar e memorizar información.

Utilizar os dicionarios, enciclopedias e outras fontes de datos.

## CALENDARIO DE REALIZACIÓN, ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE:

O proxecto desenvolveuse ao longo do curso escolar, distribuíndo as tarefas por trimestres, tal e como se especifica no **apartado c)**.

Participou todo o alumnado e a meirande parte do profesorado do centro, así como tamén se viron implicados varios departamentos (Normalización, Biblioteca, TIC, E. Física e E. Artística) e áreas curriculares (Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, E. Física, E. Plástica, E. Musical e Lingua Estranxeira).

Procurouse a implicación do resto da comunidade educativa, con resultados moi satisfactorios, tal e como se explica más adiante.

Todo o proxecto sustentouse na aprendizaxe significativa e colaborativa.

## b) OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN:

### ⇒ INFANTIL: O chocolate:

- ◆ O cultivo do cacao e a colleita.
- ◆ A planta do cacao: raíz, talo, follas, froito. A mazaroca do cacao.
- ◆ A elaboración do chocolate: ingredientes. Os bombóns.
- ◆ Tipos de chocolate.
- ◆ O oficio de pasteleiro ou reposteiro.
- ◆ Receitas con chocolate

### ⇒ PRIMEIRO CICLO: A gastronomía asociada ás festas tradicionais (magosto, Nadal, entroido):

- ◆ Froitos de outono: a castaña

- ◆ O castiñeiro: raíz, talo, follas, froito.
  - ◆ O bacallau e o lacón: conservación dos alimentos.
  - ◆ A coliflor e os grelos. Propiedades nutritivas das verduras.
  - ◆ As filloas: ingredientes, elaboración.
  - ◆ Tipoloxía textual: a receita.
- ⇒ **SEGUNDO CICLO: A pirámide da alimentación. Unha alimentación saudable:**
- ◆ Alimentación e nutrición (alimentos/nutrientes)
  - ◆ Tipos de alimentos (función)
  - ◆ Grupos alimenticios
  - ◆ A dieta mediterránea
  - ◆ O pan, o leite, o iogur, o cacao, o mel, o aceite de oliva e a marmelada.
  - ◆ Alimentos envasados: as etiquetas
  - ◆ Conservación dos alimentos: salazón, secado, afumado, conxelado...
  - ◆ As froitas: propiedades nutritivas.
  - ◆ Tipoloxía textual: a receita (estrutura)
- ⇒ **TERCEIRO CICLO: Agricultura de autoconsumo: o noso horto, unha despensa natural:**
- ◆ Os labores agrícolas.
  - ◆ FICHAS DE INVESTIGACIÓN sobre algúns produtos do horto escolar: a leituga, o tomate, o repolo, a cebola, o alio, o porro... (propiedades nutritivas, nome científico, cultivo, consumo, características e curiosidades)
  - ◆ Tipoloxía textual: a receita e a ficha (estrutura)
  - ◆ Presenza dos alimentos e labores agrícolas na literatura popular: copla, cantiga, adiviña, refrán.
- ⇒ **Comúns, para todos os grupos:**
- ◆ **Alimentación e deporte (área de E. Física):** charlas/coloquio impartidas polo profesor de EF.
  - ◆ **Os alimentos e a arte: E. Plástica**
    - \* O bodegón
    - \* Arcimboldo
    - \* Van Gogh. "Os xirasoles"
  - ◆ **Alimentos con ritmo (E. Musical):**
    - \* Pan de millo (cancións): investigación do proceso de cultivo do millo.
    - \* Come e canta: recollida, recitado e cantado de coplas tradicionais
  - ◆ **Lingua Estranxeira:** vocabulario referido á alimentación

## c) ORGANIZACIÓN DO PROXECTO E PROCESO DE ELABORACIÓN

Como vén sendo habitual no noso centro, o proxecto levouse a cabo en tres fases, coincidentes cos tres trimestres do curso, que se desenvolveron do seguinte xeito:

### 1. PLANIFICACIÓN E POSTA EN MARCHA (1º trimestre)

Tras as pertinentes reunións do equipo de Biblioteca e de Normalización, nesta primeira fase leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- En setembro, reunidos en claustro, decidiuse o **tema do proxecto: A ALIMENTACIÓN**
- **Xustificación e obxectivos:** redáctase o documento onde se recolle a xustificación, os obxectivos xerais, as actividades comúns de centro e a temporalización. Cada ciclo redacta os obxectivos específicos, recollidos nas seguintes direccións web:


**INFANTIL:** [ver documento](#)

**1º CICLO:** [ver documento](#)

**2º CICLO:** [ver documento](#)

**3º CICLO:** [ver documento](#)

- **Análise da vertente investigadora:** valoramos os aspectos que se deberían investigar (temos moi en conta o currículo, de xeito que o proxecto se poida integrar nas programacións de aula, tal e como se explica nos puntos anteriores) e propónense aos diferentes titores/as unha relación de temas susceptibles de investigación.
- **Análise da vertente creativa:** deséñanse as actividades de creación plástica, de creación escrita e propostas de lectura arredor do tema, tanto dirixidas ao alumnado como tamén ás súas familias, de xeito que se vexan implicadas no proxecto desde o comezo e ao longo do seu desenvolvemento.
- **Acotación dos temas** por grupo: cada grupo/ciclo decide os aspectos que vai desenvolver dentro do tema xeral: **apartado b)**
- **Elaboración de materiais de apoio** para recompilar información (cadernos de pesudas, actividades Lim).
- **Ambientación/decoración** dos espazos
- **Actividades de motivación:** propónense, deséñanse e lévanse a cabo actividades que provoquen no alumnado a curiosidade polo tema escollido.



### 2. INVESTIGACIÓN E CREACIÓN DE NOVOS DOCUMENTOS E MATERIAIS : (segundo trimestre):

Cada ciclo/nivel planifica e desenvolve o tema elixido:

- ♦ **O TRABALLO COS DOCUMENTOS** (a biblioteca facilitou a bibliografía, o acceso á información dixital e o apoio ao desenvolvemento do proxecto sempre que se solicitou).




- O alumnado busca, selecciona, cotexa e organiza a información.
- O alumnado elabora novos materiais e documentos (ver anexo)

### **Listaxe de materiais impresos adquiridos pola biblioteca e**

### **repositorio de materiais dixitais seleccionados da rede :**

<https://sites.google.com/site/investigandoconmik/recursos-e-ligazons-a-alimentacion-e-a-saude>



**FOTOS**

- ♦ **ACTIVIDADES “fin de proxecto”** (de carácter lúdico):

- O 23 de maio o alumnado de E. Infantil visitou a **granxa de Serantellos**. [Ver](#)
- O 12 de xuño: **“1mos de PIC-NIC”** (todo o alumnado do centro) - **FOTOS**



### **3. DIFUSIÓN E AVALIACIÓN (3º trimestre)**


- **Comunicación / difusión** dos materiais elaborados polo alumnado: exposicións, traballos monográficos, murais... [Ver apartado g\)](#)
- A partir do día 6 de xuño: exposicións dos traballos do alumnado (abertas ás familias e á comunidade educativa). (Ver anexo)
- **Avaliación:** [ver apartado h\)](#)

### **d) RELACIÓN DE TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO**

**1º Busca e selección de materiais** de información tanto en fontes impresas como dixitais (consulta de catálogos, índices...)



**2º - Lectura atenta e recollida de información** pertinente e relevante para completar os cadernos de pescudas (1º e 2º ciclo).



**3º - Posta en común da información recompilada, reorganización e resumo de dita información e deseño e elaboración do novo documento.**

- En Infantil e 1º ciclo de Primaria, as fontes de información son seleccionadas previamente polo profesorado, tanto as impresas como as dixitais.

- Algúns materiais de consulta son achegados polas familias.

- As fontes dixitais facilítanse a través do blog da biblioteca e dos blogs de aula.
- Para ter ben organizada a información case sempre traballan con fichas/cadernos de recollida de datos.
- O alumnado de E. Infantil realizou caderniños de traballo ao tempo que procuraban a información en libros,e páxinas web..., e basearon a aprendizaxe fundamentalmente na experimentación co produto: tocaron, pintaron con el, discriminaron entre distintos perfumes o olor do chocolate...; visionaron a película de “Charlie y la fábrica de chocolate”; fixeron murais, entre eles, un “memory”, un “sudoku”, unha árbore de Nadal con bombóns, decorados con distintas técnicas plásticas en colaboración coas familias.

## e) MATERIAIS, RECURSOS E FONTES DE INFORMACIÓN EMPREGADAS:

**- Materiais achegados pola biblioteca:** documentos impresos e materiais audiovisuais: en setembro o equipo da biblioteca fai unha busca e selección de recursos impresos relacionados co tema e realiza unha importante compra de materiais que pon a disposición de alumnado e profesorado. Tamén se anima ás titorías a que presenten as solicitudes dos materiais que precisen para o desenvolvemento do proxecto. A meirande parte dos títulos figuran no catálogo da biblioteca desde o 1º trimestre ([VER alimentos - alimentación](#)). Na biblioteca mantense permanentemente unha selección de títulos sobre o tema: [Lecturas con sabor](#). Facilitase unha listaxe de lecturas relacionadas co tema vía [páxina web do proxecto](#).



**- Materiais achegados polas familias:** as familias achegan, previa solicitude por parte das titorías, dos materiais que consideran acaídos ao tema das investigacións, que permanecen no centro para o seu uso ata a finalización do proxecto. ([VER](#))

**- Observación directa.** Traballo de campo (horto).

**- Fontes orais:** consultas ás familias e veciños (adiviñas, coplas, refráns...)

**- Encontros con expert@s:** charlas/coloquio: [FOTOS - BLOG](#)

**- Caderniños “Investiga con Mik Holmes”:** para a recollida da información. Investigacións guiadas. (VER 2º e 3º ciclo: [caderno 1](#) - [caderno 2](#) - [caderno 3](#)) (VER: [1º ciclo](#))

**- Internet:**

**O blog da biblioteca como fonte de recursos e de información sobre o proxecto:**

O equipo da biblioteca crea e dota de contidos unha [páxina web](#) onde se recollen re-

cursos da rede, ligazóns, actividades interactivas..., así como as actividades de elaboración propia e os traballos do alumnado. Esta páxina está enlazada no blog da biblioteca. ([VER](#))

**Repositorio de páxinas e recursos de utilidade para o profesorado.** ([VER](#))

Vía blogs de aula e biblioteca facilitase unha relación de páxinas útiles para o alumnado, tales como:

[INVESTIGA CON MIK](#)

[Alimentación sana](#)

[EROSKI CONSUMER: alimentación](#)

[Mapfre Salud](#)

[EROSKI CONSUMER: Comer sano](#)

[ANEXOS CADERNO](#)

[CADERNOS ALIMENTACIÓN - SOGAMA](#)

[ENTRADA BLOG MI AULA](#)

[En buenas manos](#)

## f) IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA / COLABORACIÓN DAS FAMILIAS:

Desde o comezo do proxecto procuramos a implicación e colaboración das familias do alumnado que, xeralmente, responden moi satisfactoriamente.

Nun primeiro momento envíase información e solicitamos a súa colaboración coa achega de materiais ([carta de Mik ás familias](#)). Cada ciclo expón os materiais achegados polas familias para facilitar o acceso a eles. - [Fotos](#)

Para provocar interese, implicación e conversas familiares arredor do tema, convocamos un certame de creación de cartaces co lema da biblioteca: "**PON A LECTURA NA TÚA DIETA**", e faise a exposición dos traballos convidando ás familias a visitala. [Fotos](#)

No Día das bibliotecas escolares dúas nais de alumnado do centro ofrecéronnos o espectáculo **A MÚSICA TAMÉN ALIMENTA.** [Fotos](#)

No outono e no entroido achegaron as sobremesas típicas para degustación do alumnado (1º ciclo). [Blog](#) - [Fotos](#) - [outono](#) - [entroido](#)



En decembro, a ANPA organizou unha merenda colectiva (**chocolatada**), para todo o alumnado do centro, como actividade vencellada ao traballo de infantil. [Fotos](#) [BLOG](#)

No entroido contribúen coa confección dos **disfraces** adaptados ao tema: cociñeiro, froitas, verduras..., e coa achega das sobremesas típicas da época. Tamén participaron coa súa propia comparsa de froitas.

Ao longo do proxecto varias familias voluntarias fixeron **obradoiros de cociña** co alumnado de Infantil. [FOTOS](#) - [Papá cociña](#)

Dúas nais realizaron un **CONTACONTOS** en lingua de signos para as **Letras Galegas** (Infantil e 1º ciclo de Primaria): [FOTOS](#) - [Blog](#)

Unha nai, profesional da investigación científica, impartiu unha charla/obradoiro para o alumnado de 3º, 4º e 5º de EP: "**A nosa alimentación ao microscopio**". [Blog](#) - [Fotos](#)

**PETISCOS DE LECTURA:** coa finalidade de poñer en relevancia o **Día Internacional do Libro e dos Dereitos de Autor/a** convócase novamente ás familias para a creación, xunto cos seus fillos e fillas, dun **“menú” especial** (elaborado con títulos de libros de literatura infantil e xuvenil) para o “Restaurante”/exposición, **O PAPALIBROS**, feito pola biblioteca para a ocasión. Novamente, expoñemos os traballos realizados. **Exposición.**

En xuño, solicítase de novo a colaboración das familias para a organización dun **“PIC-NIC”** con todo alumnado do centro.

Para finalizar o proxecto, convidamos a todas as familias a visitar as exposicións e a participar nas actividades programadas, cunha excelente resposta.

## **g) COMUNICACIÓN/DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA**

En canto á **comunicación do aprendido polo alumnado**, cada grupo/ciclo decide o procedemento que emprega. Así, **no 1º ciclo** fixeron varias exposicións e degustacións de pratos típicos, froito das súas investigación sobre receitas tradicionais, para todo o centro. A nivel de aula, recompilaron e explicaron, por grupos, a elaboración de diferentes pratos típicos. **No segundo ciclo**, realizáronse exposicións dos cadernos de investigación coa información recompilada nas investigacións; elaboraron e decoraron fichas informativas sobre froitas e verduras que puxeron a disposición do resto do alumnado para a súa consulta; elaboráronse documentos monográficos sobre distintos alimentos para a biblioteca; a nivel de aula fixeron exposicións informativas sobre Arcimboldo e a súa obra así como recreacións plásticas de bodegóns que distribuíron polos corredores; expuxeron o álbum “Devorando noticias”, libros de adiviñas e de receitas **No terceiro ciclo** elaboraron un arquivo con fichas sobre diferentes cultivos do horto, para consulta na biblioteca; expuxeron o álbum ilustrado “Mik e os alimentos”, e “Devorando noticias”; prepararon un mural-xogo de adiviñas de alimentos. **En Infantil:** elaboraron cadernillos de traballo e expuxeron libriños e murais cos contidos dos aspectos traballados, fixeron un “memory”, un “sudoku” e unha árbore de Nadal con bombóns, na que empregaron diferentes técnicas plásticas en colaboración coas familias.

No que se refire á **difusión entre a comunidade educativa**, durante o desenvolvemento do proxecto imos dándolle visibilidade a todas as actividades e propostas que se van realizando a través de circulares ás familias, cartas de Mik para o alumnado, carteis nos paneis da biblioteca..., de xeito que consideramos que a comunidade educativa está informada puntualmente do que vai acontecendo no centro. De todos os xeitos, contamos con varias páxinas web con moita repercusión entre as familias, onde verquemos tamén toda a información, incluíndo fotos e outros documentos relativos ao proxecto. Empregamos fundamentalmente o blog da biblioteca, **O RECANTO DE MIK**, na sección **A ALIMENTACIÓN. PDI 13/14**, onde se fai un seguimento exhaustivo do proxecto, e desde onde se pode acceder á páxina específica creada para reflectir con detalle todos os seus aspectos: <https://sites.google.com/site/investigandoconmik/a-alimentacion> (**VER PRESENTACIÓN DO PROXECTO NO BLOG**)

Por outra banda, tamén se difunden as actividades más significativas na web do centro: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestresgoldar/>

Ademais, as actividades específicas de cada ciclo relátanse nos blogs de aula [O CURRUN-CHO DO PRIMEIRO CICLO](#) (1º e 2º de Primaria) e [MI AULA](#) (3º e 4º de Primaria):

O alumnado de 4º e 5º representou unha adaptación da obra “Pan de millo” para o resto do alumnado e familias. Coa mesma obra fixeron un intercambio teatral con outros centros (Ceip Lope de Vega e Ceip E. Pardo Bazán) e participaron nas V Xornadas Municipais de Teatro Escolar, no auditorio do concello de Vigo.

Asemade, ao longo do ano, en datas concretas, convídase ás familias a visitar o centro para compartir os traballos realizados polo alumnado e que se expoñen nos corredores para tal fin (Día das bibliotecas, Día do Libro e fin de curso).

Para unha maior difusión entre a comunidade educativa, ademais de telos publicados vía internet, os contos colectivos creados por ciclos serán incluídos nas mochilas viaxeiras o vindeiro curso.

## **h) AVALIACIÓN:**

### **1. POR PARTE DO PROFESORADO:**

⇒ **Durante o desenvolvimento do proxecto** (as fases) facemos unha primeira valoración, o que nos permite ir corrixindo, reprogramando e introducindo novas actividades. Nun primeiro momento facémolo nas reunións do equipo, ao finalizar as distintas actividades; logo propoñémolo nas reunións de claustro onde se valoran novamente.

⇒ **Ao finalizar o proxecto**

Unha vez rematado o proxecto, mediante un sinxelo cuestionario, valoramos os seguintes aspectos ([VER ENQUISA](#)):

- A selección dos recursos impresos e dixitais relativos ao proxecto.
- A temporalidade.
- Os servizos da biblioteca: materiais, tempos, espazos, acceso a internet...
- O proceso de acceso, tratamiento e reintegración da información por parte do alumnado.
- Os produtos resultantes

### **2. POR PARTE DO ALUMNADO**

⇒ **Colectivamente**, a nivel de aula, mediante coloquio moderado polo titor/a: valoran o grao de satisfacción obtida tanto no referido ao proceso como aos resultados.

⇒ **Individualmente**: valoran o grao de implicación persoal, a súa contribución ao traballo en equipo, á planificación e á realización.

⇒ **Realización de actividades de autoavaliación** para detectar o nivel de coñecementos adquiridos, mediante actividades interactivas elaboradas polo profesorado para tal fin (Libros-lim, xogos...) [VER - FOTOS](#)

**3. DO TRABALLO DOCUMENTAL REALIZADO:** mediante rúbrica o profesorado avalía o traballo do alumnado, tanto individual como en grupo. [VER RÚBRICA](#)

#### **4. CONCLUSIÓN:**

Pensamos que a meirande parte dos obxectivos que nos propuxemos no documento inicial foron acadados: o noso alumnado aprendeu a traballar en equipo, a respectar as opinións dos demás, a chegar a acordos, a querer e valorar o que ten máis próximo, a súa cultura, e ao mesmo tempo a coñecer e valorar culturas alleas. Aprenderon a valorar os recursos naturais e comprenderon a importancia de compartirlos. En definitiva, consideramos que este proxecto incidiu moi positivamente en toda a comunidade educativa.

### **i) FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO PROXECTO:**

No desenvolvemento do proxecto a nosa biblioteca desempeña un papel fundamental:

- **Busca, selecciona, difunde e proporciona os materiais e recursos** necesarios para as investigacións e adquire, no seu caso, aqueles que se solicitan desde as titorías. Estes materiais están expostos durante a duración do proxecto para uso do alumnado e profesorado, tal e como queda explicado nos apartados anteriores.
- **Deseña, coordina e dinamiza** o desenvolvemento do proxecto.
- **Proporciona tempos e espazos** para realizar as investigacións.
- **Elabora materiais** que facilitan a investigación e favorecen a organización da información: Cadernos de recollida de datos : [Investiga con Mik sobre...](#)
- **Crea repositorios** de recursos online ([VER PÁGINA DO PROXECTO](#))
- **Elabora materiais multimedia** que apoién o proxecto( **librosLIM** : [1º ciclo](#) - [2º e 3º ciclo](#)), así como **outros materiais impresos** para traballar diferentes áreas coa alimentación como centro de interese: (**Caderno de matemáticas para 2º e 3º ciclo**: [VER](#))
- **Apoia na creación de recursos multimedia** elaborados polo alumnado.
- **Organiza actividades de fomento da lectura e da escritura** relacionadas co tema, tal e como se recolle na páxina web do proxecto co epígrafe [ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA \(BIBLIOTECA\)](#)
- **Organiza concursos, certames, charlas e obradoiros..., relacionados co tema** ([VER PÁGINA DO PROXECTO](#))

Ceip Mestres Goldar

Vigo, xuño - 2014

**Nota:** todas as actividades referidas neste documento están recollidas no blog da Biblioteca ([O recanto de Mik](#)) e na páxina web do proxecto: <https://sites.google.com/site/investigandoconmik/fases-do-proxecto-13-14>. A través desta páxina pódese acceder tamén ás fotos e aos arquivos multimedia de todas elas.

# ANEXO

A) RELACIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO  
PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:

1. ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN
2. ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA (BIBLIOTECA)
3. ACTIVIDADES DE CENTRO ARREDOR DO PROXECTO
4. MATERIAIS ELABORADOS POLO PROFESORADO
5. DOCUMENTOS E MATERIAIS ELABORADOS POLO ALUMNADO.

B) ALGUNHAS IMAXES DO DESENVOLVEMENTO DO PDI



## ANEXO

### 1. RELACIÓN DE ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN:

- Ambientación / decoración dos espazos: biblioteca e corredores do centro
- Carta de Mik ao alumnado e ás familias, presentando o proxecto e pedindo colaboración.
- Visita ás aulas de MIK: [FOTOS](#)
- Convocatoria dirixida ás familias dun Certame elaboración de cartaces sobre o lema da biblioteca: "Pon a lectura na túa dieta".
- **Exposición de cartaces** elaborados polas familias sobre o lema da biblioteca: "**Pon a lectura na túa dieta**". [FOTOS](#)
- "A música tamén alimenta" (día das bibliotecas escolares): actuación musical a cargo de nais de alumnos do centro. [Fotos](#) - [blog](#)
- **Exposición** de debuxos creados polo alumnado de 5º e 6º de EP: *Mik e a alimentación*. [Blog](#) - [Álbum](#) - [ÁLBUM2](#)



#### Saídas educativas:

**Mercado do Berbés** (1ºciclo): [FOTOS](#) - [Blog](#)

**Saída a Campo Lameiro** (3º ciclo): o alumnado coñeceu como era a alimentación na Prehistoria (Idade de Bronce) e as distintas formas de conservación dos alimentos (secado, afumado...)



**Charla/obradoiro: Alimentación saudable** (2º e 3º ciclo). [FOTOS](#) - [BLOG](#)

**Visionado da película “Charlie y la fábrica de chocolate”** (Infantil e 1º ciclo).



### 2. RELACIÓN DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS E PROMOVIDAS POLA BIBLIOTECA:

- ⇒ Exposición de fondos relacionados coa ALIMENTACIÓN: "[Lecturas con sabor](#)"
- ⇒ Convocatoria Certame elaboración de cartaces sobre o lema da biblioteca: '**Pon**


*a lectura na túa dieta*" (dirixido ás familias).

⇒ **TEXTOS DA TRADICIÓN ORAL:**

- Recollida de **refráns** relacionados cos alimentos.
- **"Come e canta"**: recollida de **cantigas/coplas** relacionadas cos alimentos e as colleitas (en colaboración coa Área de Música).

**Fotos**

- Concurso de ADIVIÑAS: [convocatoria](#). [BLOG](#)
- **Recollida de adiviñas** relacionadas co tema.



⇒ **PRODUCIÓN DE TEXTOS:**


- [A RECEITA](#)
- **CONTOS COLECTIVOS**: "*Contos para abrir o apetito*":

E. Infantil: [O TRASNIÑO E O CHOCOLATE](#)

1º ciclo: [OS ALIMENTOS ESTÁN DE FESTA](#)

2º ciclo: [A LANDRA DE OURO](#)

3º ciclo: [CASO CENORIA](#)



⇒ **DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES**

- **ESCRITURA CREATIVA**: [O NOSO DÍA DA BIBLIOTECA](#) . [Fotos](#)

- **Exposición de cartaces** elaborados polas familias sobre o lema da biblioteca: "*Pon a lectura na túa dieta*".



⇒ **DÍA DA PAZ (NELSON MANDELA)**

- **INVESTIGACIÓN**: *a figura, a obra e o contexto social. O Apartheid.*

- **PRODUCIÓN DE TEXTOS:**

*A biografía.* [Fotos](#)

*A caricatura.* [Fotos](#)



⇒ **SEMANA DA PRENSA:**

- **Recollida de noticias** relacionadas coa alimentación. [Fichas de recollida](#)

- Elaboración dun noticiario: "[DEVORANDO NOTICIAS](#)" - [blog](#)



⇒ **MES DO LIBRO - MES DAS LETRAS**

- Restaurante "Papalibros": exposición

- **COCIÑA DE CONTOS (obradoiros)**

- EUROPA Á CARTA (2º e 3º ciclo): percorrido pola gastronomía de cinco países europeos. FOTOS -

BLOG - RESEÑA WEB



- CONTOS A PEDIR DE BOCA (E. Infantil) - Fotos - blog - RESEÑA WEB

- **ELABORACIÓN DE CARTACES (convocatoria para as familias)**: "Petiscos de lectura: un menú para o PAPALIBROS" - FOTOS - MENÚS



- **CONTACONTOS (linguaxe de signos)** Fotos - Blog

- Charla/obradoiro “A nosa alimentación ó microscópio”: impartida por unha nai. FOTOS

- Charla/coloquio “Alimentación e deporte”, impartida por Carlos Covelo Gallego, profesor de E. F. do centro. Fotos

- **ACTIVIDADES FIN DE PROXECTO:** PROGRAMA

\* A partir do día **seis de xuño**, exposicións de traballos, fotos, murais ou calquera outro material elaborado polo alumnado en torno ao proxecto. VER FOTOS

\* **As familias aprenden con nós**: convidouse ás familias a visitar as exposicións, os martes pola tarde de catro a sete.

\* **Aprendemos dos nosos compañer@s**: cada grupo/ciclo percorreu as exposicións de documentos e materiais elaborados sobre o proxecto, asistiu ás explicacións dos contidos e realizou as actividades propostas. FOTOS

\* **“Imos de PIC-NIC”** VER FOTOS - RESEÑA BLOG - Carta familias

### **3. ACTIVIDADES DE CENTRO VENCELLADAS AO PROXECTO:**

⇒ **O NOSO HORTO, UNHA DESPENSA NATURAL**: traballo de preparación da terra, sementeira, coidado e colleita dos froitos. Realizado por todo o alumnado do centro: VER FOTOS - BLOG



⇒ **NATAL:**

- Degustación de sobremesas (1º ciclo)

- Degustación "**CHOCOLATADA**": Merenda compartida para todo o alumnado do centro. [FOTOS](#). [BLOG](#)



- "**PAN DE MILLO**": representación teatral coa participación de todo o alumnado.

[A obra](#) - [FOTOS](#) - [VÍDEOS](#) - [BLOG](#)

⇒ **ENTROIDO**: Obra de teatro coa participación de todo o alumado. [FOTOS](#) - [BLOG](#) - O MECO: Don Lambón

⇒ "**PIC-NIC**": merenda compartida de todo o alumnado do centro.

#### **4. MATERIAIS ELABORADOS POLO PROFESORADO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: (coa colaboración e coordinación da biblioteca)**

⇒ **CADERNOS DE PESCUDAS** (cadernos de recollida e organización da información):

[1º ciclo](#) - [2º ciclo](#)

⇒ **ACTIVIDADES INTERACTIVAS: ACTIVIDADES LIM PARA REPASAR E APRENDER**

[A NOSA ALIMENTACIÓN \(2º e 3º ciclo\)](#) [bloque 1](#)

[Bloque 2](#)

["FESTAS E GASTRONOMÍA" \(1º ciclo\)](#)

⇒ **CADERNO DE ACTIVIDADES DE MATEMÁTICAS:**

actividades de matemáticas para o 2º e 3º ciclo, utilizando etiquetas de alimentos envasados. [VER](#)



⇒ **O XOGO DAS ETIQUETAS (2º ciclo):**

[mural de consulta](#) - [panel de xogo](#)



⇒ **ALIMENTACIÓN E DEPORTE (presentación): área de E. Física.**

#### **5. MATERIAIS E DOCUMENTOS ELABORADOS POLO ALUMNADO**

⇒ **E. INFANTIL:**

- **A casiña de chocolate**: mural

- **Os bombóns de E. Infantil**: mural

- **A que sabe a lúa:** mural
- **O trasniño e o chocolate:** conto colectivo
- **Elaboración dun “memory” e dun “sudoku”.** [VER](#)
- **O libro dos alimentos** (alumnado de 3 anos)
- **Elaboración e degustación de madalenas** (5 anos)
- **Elaboración e degustación de boliños de pan** (todo o alumnado de infantil)
- Obradoiro ‘**Papá/mamá cociña con nós**’: o pai dun neno de E. Infantil realizou unha adaptación do conto “O anano saltarín”. Completaba esta animación coa decoración dunha torta, creando a cara do trasno. E por suposto, como ingrediente máxico, o chocolate. Ao rematar os nen@s entregaron un diploma “pola súa implicación no proxecto da Alimentación”. [VER](#)




⇒ **1º CICLO:**

- Primeira [Exposición gastronómica: Sobremesas de castañas](#):
- Segunda Exposición gastronómica: Sobremesas de entroido: [FOTOS](#) - [Blog biblioteca](#)
- Álbum de noticias relacionadas coa alimentación: **“Devorando noticias”**
- **Os alimentos están de festa: conto colectivo**
- Investigación e elaboración do **Caderno da alimentación**
- Receitas de castañas, Nadal e entroido.
- **Mural** sobre produtos do mercado. [Fotos](#)



⇒ **2º CICLO:**

- Investigación e decoración de fichas de **froitas e verduras**: [Blog](#) - [fotos](#)
- Investigación e elaboración do **Caderno da alimentación**
- Investigación e creación de bodegóns: estudo do BODEGÓN. [Creación de bodegóns](#) mediante as técnicas do puntillismo, pintura do natural e "collage". Investigación sobre a obra de **Giovanni Giuseppe Arcimboldo**: Biografía e obra (investigación). Recreación dunha das súas obras. Investigación sobre **Van Gogh**: vida e obra. **Os xirasoles**. [Fotos](#)
- Elaboración dun **mural de etiquetas** de alimentos envasados e recollemos a información.



- Creación e ilustración dun conto colectivo: **A landra de ouro**.

**-Libro de receitas**

**-Elaboración dunha grinalda de cenorias.** [VER](#)

- Álbum de noticias relacionadas coa alimentación '**Devorando noticias**'

**- Álbum de bodegóns**

**- Libro de adiviñas**

**- Cociñando contos:** creación de contos cos alimentos como protagonistas. [Fotos](#)

- Creación de menús para "restaurantes europeos". [Fotos](#).

⇒ **3º CICLO:**

- ÁLBUM de debuxos de Mik e a alimentación visto polo alumnado de 5º e 6º de EP. [Blog](#)

- Álbum de noticias relacionadas coa alimentación '**Devorando noticias**'

**- Caso Cenoria: conto colectivo**

- Mural-xogo de adiviñas sobre alimentos. [Fotos](#)

- Creación de menús para "restaurantes europeos". [Fotos](#).

- Deseño de granxas mariñas

- Fichas de investigación sobre produtos do horto




⇒ **TODO O ALUMNADO:**






- Lingua Estranxeira: "A cociña das meigas" ou "The witches' kitchen": mural

- E. Musical: "A sopa do nené" (canción), coplas, "Pan de millo" (cancións).

## B) ALGUNHAS IMAXES DO PROXECTO

















## "PAPÁ COCINA CON NÓS"



